a b c d	- Planificación e realización dalgún obxecto ou máquina de construción sinxela. - Manexo de ferramentas, aparellos e máquinas de uso doméstico, superando	B5.2.	CNB5.2.1.	Identifica e describe oficios en función dos materiais, das ferramentas e das máquinas que empregan.	CMCCT CCL CSC

e g h j m	estereotipos sexistas. - Prevención de riscos no emprego de máquinas de uso cotián.		CNB5.2.2.	Aplica os coñecementos ao deseño e construción dalgún obxecto ou aparello sinxelo	CMCCT CCEC CD	
-----------------------	--	--	-----------	---	---------------------	--

CIENCIAS SOCIAIS						
OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS	ESTÁNDARES	MÍNIMOS	COMPETENCIAS	TRANSVERSAIS
1ª AVALIACIÓN						
a b d e h i	<ul style="list-style-type: none"> - Iniciación ao coñecemento científico e a súa aplicación nas Ciencias sociais. - Proposta de traballo que xurda dun problema, acontecemento ou inquietude e que supoña un proceso de investigación e acción que garanta participación activa do alumnado e facilite o proceso de autorregulación de aprendizaxes. - Busca e selección de información utilizando as tecnoloxías da información e a comunicación e outras fontes (directas e indirectas), organización, análise, documentación do proceso mediante o uso do cartafol e comunicación das conclusións. - Iniciativa emprendedora. Planificación, xestión e presentación dos proxectos co fin de acadar obxectivos. 	B1.1.	CSB1.1.1.	Busca información empregando as TIC.	CAA CCL CD CMCCT	CATIC CLEOE E ECC
				Selecciona a información relevante, a organiza, analiza, obtén conclusións sinxelas		
				Comunica oralmente e/ou por escrito a información obtida.		
			CSB1.1.2.	Manifesta autonomía na planificación e execución de tarefas coidando a súa presentación.	CSIEE CAA CMCCT	
Ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades.						

a b c d	<ul style="list-style-type: none"> - Emprego de técnicas de estudo individual e de estratexias de traballo cooperativo. Valoración do esforzo e coidado do material. - Participación activa e construtiva na vida social, uso das normas de convivencia. A cooperación e o diálogo como valores democráticos e recursos básicos na resolución pacífica de conflitos. 	B1.2.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB1.2.1. 	Participa en actividades individuais e de grupo e, emprega estratexias de traballo cooperativo	CSC CAA CMCCT	CATIC CLEOE
h e o	- Utilización da terminoloxía propia da área e do uso de textos de carácter social, xeográfico e histórico.	B1.3.	CSB1.3.1.	Identifica a terminoloxía propia da área e comprende textos sinxelos de carácter social, xeográfico e histórico.	CCL CMCCT CSC	E
h	- Sistema solar: o Sol e os planetas. Deseño de maquetas, presentacións ou animacións empregando ás TIC como estratexia de reforzo da aprendizaxe.	B2.1	CSB2.1.1.	Identifica, localiza os elementos principais do Sistema Solar e reconece algunha das súas características básicas empregando as TIC.	CMCCT CD	
h e	- O planeta Terra e a Lúa, o seu satélite. Características.	B2.2.	CSB2.2.1.	Describe de forma sinxela os movementos	CMCCT CCL	CLEOE

	- Os movementos da Terra e a Lúa e as súas consecuencias: as estacións do ano, o día e a noite.			terrestres, o eixe do xiro e os polos xeográficos.		
			CSB2.2.2.	Expón, de maneira sinxela, como se produce o cambio entre o día e a noite	CMCCT	
				Expón como se producen o cambio das estacións do ano.	CCL	
h e	- As capas da Terra: características básicas. Formación dun volcán. Simulación da erupción dun volcán. Medidas para a prevención de danos.	B2.3.	CSB2.3.1.	Identifica, nomea e describe as capas da Terra.	CMCCT CCL	
			CSB2.3.2.	Explica que é un volcán	CMCCT CCL CAA	
h g o	- Formas de representar a Terra. planos, mapas, planisferios e globos terráqueos.	B2.4.	CSB2.4.1.	Recoñece as distintas formas de representación da Terra, planos, mapas, planisferios e globos terráqueos	CMCCT CCL	
h g	- Cartografía. Planos e mapas. O planisferio. Escalas sinxelas.	B2.5.	CSB2.5.1.	Diferencia entre plano, mapa e planisferios,	CMCCT	CLEOE

o	Signos convencionais básicos. Orientación no espazo. Identificación sobre planos e mapas das diferentes rutas de acceso á escola, biblioteca,.. así como dalgúns elementos representativos da localidade.			Interpreta unha escala sinxela nun mapa e identifica signos convencionais	CAA	
h g	- Coñecemento e uso de diferentes técnicas, estratexias e instrumentos para orientarse no espazo. Puntos cardinais.	B2.6.	CSB2.6.1.	Orientase no espazo	CMCCT CAA	
h e	- A atmosfera. Fenómenos atmosféricos. As nubes e as precipitacións.	B2.7.	CSB2.7.1.	Identifica e nomea fenómenos atmosféricos	CMCCT CCL	
				Describe as causas que producen a formación das nubes e as precipitacións.		
h g i e	- Tempo atmosférico. Instrumentos de medición de variables meteorolóxicas. Construción dunha estación meteorolóxica sinxela. As TIC para a recollida de datos e comparación da información obtida.	B2.8.	CSB2.8.1.	Identifica e sabe usar os distintos aparellos de medida que se utilizan para a recollida de datos atmosféricos.	CMCCT CD CAA	
		B2.9.	CSB2.9.1.	Describe unha estación meteorolóxica	CSIEE	

				Confecciona e interpreta gráficos moi básicos de temperaturas e precipitacións	CAA CMCCT	
h o	- Mapas do tempo atmosférico de Galicia.	B2.10	CSB2.10.1.	Interpreta mapas do tempo sinxelos de Galicia.	CMCCT CAA	
h o	- O clima. Grandes zonas climáticas mundiais. Comparación do clima do contorno co de outras zonas.	B2.11.	CSB2.11.1.	Diferencia entre clima e tempo atmosférico.	CMCCT	
			CSB2.11.2	Nomea as tres grandes zonas climáticas do planeta	CMCCT CCL	
	Identifica algunha característica principal que se identifique co clima da súa contorna.					
h e	- O ciclo da auga: fases.	B2.12.	CSB2.12.1.	Escribe ordenadamente as fases nas que se produce o ciclo da auga.	CMCCT CAA	
OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS	ESTÁNDARES	MÍNIMOS	COMPETENCIAS	TRANSVERSAIS

2ª AVALIACIÓN

h e o	- Paisaxe: definición, elementos básicos que caracterizan as paisaxes de Galicia. Características.	B2.13.	CSB2.13.1.	Define paisaxe, identifica os seus elementos	CMCCT	CLEOE ECC E
				Recoñece as diferentes tipos de paisaxe básicas na comunidade autónoma.	CCL	
	B2.14.	CSB2.14.1.	Localiza nun mapa os principais elementos da paisaxe.	CMCCT CAA		
a d e h	- A intervención humana no medio próximo. A contaminación atmosférica e o cambio climático. Desenvolvemento sostible e consumo responsable.	B2.15.	CSB2.15.1.	Explica o impacto e as consecuencias negativas que a acción humana ten sobre o medio.	CSC CCL	
			CSB2.15.2.	Explica a importancia de coidar a atmosfera e as consecuencias de non facelo.	CSC CCL	
			CSB2.15.3	Propón algunhas medidas para o desenvolvemento sostible e un consumo responsable.	CSC CCL	

a e h o	- A organización social, política e territorial da localidades e comarca (función e organización). Elaboración dun mapa conceptual de toda a organización.	B3.1.	CSB3.1.1.	Describe a estrutura básica da organización social, política e territorial da contorna próxima.	CSC CCL	CLEOE
a h o	- Manifestacións culturais e lingüísticas de Galicia	B3.2.	CSB3.2.1.	Recoñece, partindo da realidade galega, a diversidade cultural, social, política e lingüística nun mesmo territorio.	CSC CEC	
b h g	- Realización dun estudo demográfico da poboación no contexto do centro educativo que simule a poboación dun municipio manexando os conceptos básicos da demografía e representando e interpretando os datos en gráficas.	B3.3.	CSB3.3.1.	Define demografía, comprende os principais conceptos demográficos Representa gráficas sinxelas.	CSC CMCCT CCL	
n h	- Educación Viaria. Adquisición de coñecementos básicos que contribúan a consolidar condutas e hábitos viarios correctos.	B3.5.	CSB3.5.1.	Coñece, utiliza e respecta as normas básicas de circulación.	CSC	EV CLEOE ECC
OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS	ESTÁNDARES	MÍNIMOS	COMPETENCIAS	TRANSVERSAIS
3ª AVALIACIÓN						

h	- As actividades económicas e produtivas da localidade. Clasificación por sectores. Recursos naturais, materias primas e produtos elaborados.	B3.4.	CSB3.4.1.	Diferencia entre materias primas e produtos elaborados e os asocia cos diferentes sectores produtivos e económicos da contorna.	CMCCT CCL	CLEOE CATIC
h o	- As pegadas da nosa historia: duración e datación dos feitos históricos máis significativos da contorna e de Galicia. Representación do tempo histórico a través de liñas do tempo.	B4.1.	CSB4.1.1.	Recoñece o século como unidade de medida do tempo histórico	CMCCT CAA	
				Localiza feitos situándoos como sucesivos a.C o d.C		
			CSB4.1.2.	Sitúa nunha liña do tempo feitos do pasado da súa contorna	CMCCT CAA	
h o	- A Prehistoria. A cultura castrexa en Galicia. - A escritura como fonte histórica. - A Idade Antiga en Galicia. A romanización.	B4.2.	CSB4.2.1.	Identifica no tempo e no espazo algúns dos restos ou acontecementos da Prehistoria e da Idade Antiga de Galicia.	CMCCT CCEC	CLEOE CATIC
			CSB4.2.2.	Distingue entre prehistoria e historia recoñecendo a importancia das manifestacións escritas.	CSC CCEC	

			CSB4.2.3.	Describe algúns aspectos relacionados coa forma de vida e as estruturas básicas de organización social da cultura castrexa.	CSC CCL	
h o	- Vestixios do pasado localizados na contorna próxima como fontes históricas para coñecer o pasado e como elementos integrantes da contorna actual. Os petróglifos e a arquitectura megalítica, castrexa e medieval.	B4.3.	CSB4.3.1.	Identifica algúns vestixios do pasado na contorna e recoñece o seu valor como fonte histórica.	CSC CCEC	
d h o	- O noso patrimonio natural, histórico e cultural. Os espazos protexidos.	B4.4.	CSB4.4.1.	Identifica, valora e respecta o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico do contorno próximo	CSC CCEC	

VALORES SOCIAIS E CÍVICOS						
OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS	ESTÁNDARES	MÍNIMOS	COMPETENCIAS	TRANSVERSAIS
1ª AVALIACIÓN						
m k	<ul style="list-style-type: none"> - O autoconhecimento. Identificación das características persoais e dos trazos de identidade, as propias capacidades e necesidades. - Habilidades comunicativas. Expresión de vivencias e sentimentos de forma construtiva. 	B1.1.	VSCB1.1.1.	<ul style="list-style-type: none"> Reflexiona sobre os trazos característicos da súa personalidade Verbaliza as conclusións sobre a súa personalidade 	CSC CSIEE	CLEOE CATIC ECC EPXIL
			VSCB1.1.2.	Expresa a percepción da súa propia identidade		
			m	<ul style="list-style-type: none"> - O autoconcepto. A autovaloración; os trazos de personalidade. A autoconciencia emocional. A respectabilidade e a dignidade persoal. O estilo persoal positivo. 	B1.2.	
a m	<ul style="list-style-type: none"> - As emocións. Identificación, recoñecemento, expresión e verbalización. Causas e 	B1.3.	VSCB1.3.1	Aplica o autocontrol á toma de decisión.	CSC CSIEE	

	consecuencias. Asociación pensamento-emoción. - O autocontrol. A regulación dos sentimentos. As estratexias de reestruturación cognitiva. A resiliencia.		VSCB1.3.2.	Realiza un adecuado recoñecemento e identificación das súas emocións e das demais persoas.	CSC CSIEE	
			VSCB1.3.3.	Expresa os seus sentimentos, necesidades e dereitos, á vez que respecta os dos e das demais.	CSC CSIEE CCL	
b m	- A responsabilidade. O sentido do compromiso respecto a un mesmo e aos demais. Valoración do erro como factor de aprendizaxe e mellora.	B1.4.	VSCB1.4.1.	Traballa en equipo valorando o esforzo individual e colectivo..	CSC CSIEE	EPXIL CLEOE E ECC
			VSCB1.4.2.	Asume as súas responsabilidades durante a colaboración.	CSC CSIEE	
			VSCB1.4.3.	Realiza unha autoavaliación responsable da execución das tarefas	CSC CAA CSIEE	
m	- A autonomía persoal e a autoestima. Seguridade nun mesmo, iniciativa, autonomía para a acción, confianza nas	B1.5.	VSCB1.5.1.	Emprega algunha estratexia para facer fronte á incerteza, ao medo ou ao fracaso.	CSC CSIEE	

	propias posibilidades. A toma de decisións persoal meditada. Tolerancia á frustración.					
a	- A iniciativa persoal. As accións creativas. A consecución de logros.	B1.6.	VSCB1.6.1.	Participa na resolución de problemas escolares.	CSIEE CSC	
			VSCB1.6.2.	Define e formula claramente problemas de convivencia.	CSC CCL	
b	- A responsabilidade. Causas e consecuencias das accións propias. A toma de decisións persoais meditadas: técnicas e recursos. O sentido do compromiso respecto a un mesmo e aos demais. A asunción dos propios actos.	B1.7.	VSCB1.7.1.	Reflexiona, respondendo a preguntas, as consecuencias das súas accións.	CSC CCL CSIEE	
			VSCB1.7.2.	Desenvolve actitudes de respecto cara aos demais	CSC CSIEE	
OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS	ESTÁNDARES	MÍNIMOS	COMPETENCIAS	TRANSVERSAIS
2ª AVALIACIÓN						
m	- As habilidades de comunicación. A percepción e o emprego do espazo físico na comunicación. Os elementos da comunicación	B2.1.	VSCB2.1.1.	Expresar con claridade opinións, sentimentos e emocións.	CCL CSC CSIEE	CLEOE CATIC

	non verbal que favorecen o diálogo: ton de voz e maneira de falar. Adecuación a diferentes contextos.		VSCB2.1.2.	Emprega apropiadamente os elementos da comunicación verbal e non verbal, en consonancia cos sentimentos.	CCL CSC	ECC
			VSCB2.1.3.	Emprega a comunicación verbal en relación coa non verbal en exposicións orais	CCL CAA CSIEE	
			VSCB2.1.4.	Expón respectuosamente os argumentos.	CCL CSC	
b m e	- Estratexias da linguaxe oral como instrumento de comunicación: escoitar, preguntar, argumentar.	B2.2.	VSCB2.2.1.	Escoita exposicións orais e entende a comunicación.	CSC CCL	
			VSCB2.2.2.	Colabora en proxectos grupais escoitando activamente.	CAA CSIEE CSC CCL	
c m e	- A comunicación expresiva. Os elementos da comunicación que favorecen o diálogo. Iniciación, mantemento e finalización de conversas. Identificación, recoñecemento e análise de hábitos que facilitan e dificultan a comunicación.	B2.3.	VSCB2.3.1.	Comunícase empregando expresións para mellorar a comunicación.	CCL CSC	CLEOE E
			VSCB2.3.2.	Amosa interese polos seus interlocutores.	CCL CSC	

e m	- A aserción. Exposición e defensa das ideas propias con argumentos fundados e razoables empregando estratexias de comunicación construtivas.	B2.4.	VSCB2.4.1.	Expresa ideas propias.	CCL CSC CSIEE	
			VSCB2.4.2.	Emprega a linguaxe positiva.	CCL CSC	
m	- O diálogo. A busca do mellor argumento. A creación de pensamentos compartidos a través do diálogo. A inferencia e o sentido da expresión dos e das demais. A escoita activa e a axuda.	B2.5.	VSCB2.5.1	Relaciona con axuda ideas e opinións para atopar os seus aspectos comúns.	CCL CSC CAA	CLEOE E ECC EPXIL
c m	- A intelixencia interpersoal. A empatía: atención, escoita activa, observación e análise de comportamentos. O altruísmo.	B2.6.	VSCB2.6.1.	Emprega diferentes habilidades sociais básicas.	CSC	
			VSCB2.6.2.	Participa activamente en actividades que contribúen á cohesión dos grupos sociais aos que pertence.	CSC CSIEE	
a	- O respecto, a tolerancia e a valoración do outro. Análise de situacións na escola e fóra dela que producen sentimentos positivos ou negativos no alumnado.	B2.7.	VSCB2.7.1.	Respecta e acepta as diferenzas individuais.	CSC	
			VSCB2.7.2.	Recoñece a calidades doutras persoas.	CSC	
c m	- As condutas solidarias. A disposición de apertura cara aos demais: compartir puntos de vista e	B2.8.	VSCB2.8.1.	Forma parte activa das dinámicas do grupo.	CSIEE CSC	

	sentimentos. As dinámicas de cohesión de grupo.		VSCB2.8.2.	Establece e mantén relacións emocionais amigables.	CSC CSIEE	
OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS	ESTÁNDARES	MÍNIMOS	COMPETENCIAS	TRANSVERSAIS
3ª AVALIACIÓN						
b m	- Responsabilidade no exercicio dos dereitos e dos deberes individuais nos grupos nos que se integra e participación nas tarefas e decisión destes. A disposición de apertura cara ao outro, ao compartir puntos de vista e sentimentos.	B3.1	VSCB3.1.1	Establece relacións de confianza.	CSC CSIEE	ECC CLEOE EPXIL
			VSCB3.1.2	Desenvolve proxectos e resolve problemas en colaboración.	CSC CSIEE	
			VSCB3.1.3	Pon de manifesto unha actitude aberta cara ás demais persoas.	CSC CSIEE	
b	- A interdependencia e a cooperación. A interdependencia positiva e a participación equitativa. As condutas solidarias. A aceptación incondicional do outro. A resolución de problemas en colaboración. Compensación de carencias dos e das demais. A disposición de apertura cara ao outro, o compartir puntos de vista e sentimentos. - Estructuras e técnicas da	B3.2	VSCB3.2.1	Amosa boa disposición a ofrecer e recibir axuda.	CAA CSIEE CSC	
			VSCB3.2.2.	Practica as estratexias de axuda entre iguais.	CAA CSIEE CSC	
			VSCB3.2.3.	Practica as estratexias de axuda entre iguais	CAA CSIEE	

	aprendizaxe cooperativa.				CSC	
			VSCB3.2.4.	Respecta as regras durante o traballo en equipo.	CSC	
			VSCB3.2.5.	Emprega destrezas de interdependencia positiva.	CSC CSIEE CAA	
a	- Elaboración de normas de convivencia da aula e do centro positivas, facilitadoras e asumidas polo grupo e pola comunidade. Valoración da necesidade de normas compartidas que regulan a convivencia frutífera no ámbito social.	B3.3.	VSCB3.3.1.	Participa na elaboración das normas da aula.	CSC CSIEE	CLEOE E
			VSCB3.3.2.	Respecta ás normas do centro escolar.	CSC	ECC
c m	- A resolución de conflitos. A linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais. A transformación do conflito en oportunidade.	B3.4.	VSCB3.4.1.	Resolve os conflitos, coa axuda dunha persoa adulta, de modo construtivo.	CSC CSIEE	
			VSCB3.4.2.	Manexa a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos e intencións nas relacións interpersoais.	CCL CSC	CLEOE E EPXIL
			VSCB3.4.3.	Analiza as emocións e sentimentos das	CSC	

				partes en conflito.	CSIEE	
a	- Identificación, recoñecemento e valoración dos dereitos de todos os nenos e de todas as nenas do mundo recoñecidos nas declaracións universais, no Estatuto de autonomía de Galicia e na Constitución española.	B3.5.	VSCB3.5.1.	Expón os dereitos básicos da infancia.	CSC CCL	
d m	- As diferenzas de sexo como un elemento enriquecedor. Análise das medidas que contribúen a un equilibrio de xénero e a unha auténtica igualdade de oportunidades. Identificación e rexeitamento de desigualdades entre mulleres e homes no mundo laboral e na vida cotiá.	B3.6.	VSCB3.6.1.	Colabora con persoas do outro sexo en diferentes situacións escolares.	CSC CSIEE	EPXIL CLEOE
			VSCB3.6.2.	Realiza diferentes tipos de actividades independentemente do seu sexo.	CSC CSIEE	
n	- A educación viaria. Respecto cara ás normas de mobilidade viaria. Identificación das causas e grupos de risco nos accidentes de tráfico. -Identificación de actitudes e de estratexias persoais e colectivas que contribúen a consolidar condutas e hábitos viarios correctos.	B3.7.	VSCB3.7.1.	Colabora en campañas escolares sobre a importancia do respecto das normas de educación viaria.	CSC CSIEE	EV CLEOE
			VSCB3.7.2	Expón as causas de diferentes accidentes de tráfico	CSC CCL	
			VSCB3.7.3.	Explica as consecuencias de diferentes accidentes de tráfico.	CSC CCL CMCT	

					CD	
--	--	--	--	--	----	--

3_METODOLOXÍA.

A metodoloxía empregada para levar a cabo esta programación seguirá entre outros os seguintes principios ser: flexible, activa, participativa, integradora, socializadora, lúdica, creativa.

Os estilos de ensinanza empregados van dende os máis directivos (como poden ser un mando directo ou asignación de tarefas) ata os menos directivos (como a resolución de problemas, a libre exploración) pasando por estilos que fomentan a participación, xa que serán seleccionados en cada momento en función dos intereses educativos de cada situación. Á hora de propoñer actividades ao longo dunha sesión traballaremos sempre variando a organización do grupo de forma organizada e eficaz porque entendemos que das relacións que se establecen cos compañeiros pódense extraer coñecementos moi proveitosos, deste xeito fomentárase:

- O traballo individual
- O traballo por parellas
- O traballo en grupos reducidos o subgrupos (serán grupos mixtos e que deberán ser variables dunhas sesións a outras para que todos e todas poidan aproveitar o positivo de cada unha das persoas que compoñen o gran grupo e así valoren ao mesmo tempo a importancia de ser diferentes porque podemos aprender todos de todas).
- O traballo en gran grupo no que todos/as colaboren e axuden no desenvolvemento da clase.

Nesta etapa, a perspectiva interdisciplinar perfílase como a máis axeitada, xa que supón o establecemento de múltiples relacións entre todo o que rodea aos alumnos, o que supón a coordinación dos mestres titores e especialistas que imparten no ciclo.

Tense en conta que as aprendizaxes que realicen os alumnos serán significativas e funcionais, e que serán os propios alumnos os que deben ter un papel activo neste proceso mediante a acción e a experimentación.

As actividades que se formulen irán sempre secuenciadas de menor a maior complexidade, serán motivadoras, e sempre que sexa posible terán carácter manipulativo. Tamén se ten en conta o xogo, xa que a mellor forma de adquirir os contidos é dunha forma lúdica. Deste modo os alumnos van aprender en interacción cos obxectos, co resto de compañeiros e tamén cos adultos.

4_MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

- Libros de texto e cadernos:
 - Ciencias Sociais - 3º Primaria Aula Activa – Vicens Vives
 - Ciencias da Natureza 3º Primaria Aula Activa -Vicens Vives
 - Matemáticas -3º Primaria- Editorial Vicens Vives
 - Matemáticas 3 Actividades Caderno
 - Cuaderno Ya Calculo 7. Aljibe
 - Ortografía divertida, Cuaderno 11 – GEU
 - Lengua Castellana 3. Saber Hacer. Cuadernos 1, 2, 3.

- Lingua Galega 3. Saber Facer. Cadernos 1, 2, 3.
- Material complementario fotocopiado facilitado polas editoriais.
- Lectura para Trotamundos . S.M. Primaria.

5_CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

Instrumentos de avaliación.

A avaliación é elemento fundamental e inseparable da práctica educativa, que permite recoller, en cada momento, a información necesaria para poder realizar os xuízos de valor oportunos que faciliten a toma de decisións respecto ao proceso de ensino-aprendizaxe. Por tanto, non se pode circunscribir a un só aspecto o momento, senón que se debe estender ao longo de todo o proceso de forma global e sistemática; por unha parte, indicando que obxectivos se conseguen e cales non, e por outra, en qué grado de profundidade e onde, como, cando e porque se producen os problemas ou erros.

- Observación directa
- Rexistros diarios e descritivos
- Mapas e conceptos
- Probas escritas: controis, identificación, definición
- Probas orais: controis, resposta das preguntas diarias, exposición
- Revisión de cadernos, libros, materiais e exercicios realizados na aula ou na casa; co fin de observar tanto a calidade como a presentación e coidado na realización dos mesmos.
- Entrevistas cos alumnos
- Comportamento, convivencia e respecto cara os demais compañeiros do mesmo curso, distinto curso e cara aos mestres ou profesionais non docente
- Cuestionarios
- Asembleas periódicas de revisión crítica e análise da marcha do proceso de aprendizaxe: titorías.

Avaliación formativa continua. Con ela pretendemos coñecer como se van acadando os obxectivos, capacidades e competencias, de maneira que se poidan realizar os axustes necesarios en todo o momento para lograr un ensino-aprendizaxe máis efectivo. Empregaremos para este tipo de avaliación a observación diaria en todo tipo de actividades, revisión de tarefas escritas (resumos, traballos, cadernos, resolución de exercicios e problemas) e realización de probas orais ou escritas ao remate de cada tema, revisión e corrección de actividades, progresos, dificultades, interés e participación.

Avaliación sumativa, coa que podemos estimar ao remate do proceso total de aprendizaxe en cada período formativo o dominio das capacidades adquiridas. Polo tanto, avaliaremos o resultado mediante probas obxectivas preferentemente escritas.

Principios de avaliación a seguir.

- Constituirá un medio, non un fin en si mesma.
- Constituirá un proceso continuo, progresivo e sistemático.
- Atenderase ás diferenzas individuais e a todas as necesidades.
- Traballarase conxuntamente entre os mestres que forman o ciclo para deseñar todo o proceso.
- Os criterios e as probas serán flexibles.
- Tratarase aspectos cualitativos e cuantitativos.
- Posibilitarase a corrección dos procesos unha vez detectadas as deficiencias.

Criterios de cualificación.

Tendo en conta os instrumentos expostos anteriormente, os criterios que seguiremos á hora de avaliar son os seguintes:

- Probas de avaliación orais ou escritas, que permitan cuantificar obxectivamente a consecución dos obxectivos marcados. Os controis escritos e orais e os traballos de clase e segundo a lexislación vixente valoraremos tendo en conta os seguintes ítems: de 1 a 4- insuficiente, 5- suficiente, 6- ben, de 7 a 8- notable e de 9 a 10- sobresaliente. 80%

- O traballo diario, tanto na aula como fóra dela. A realización de actividades individuais ou grupais escritas e orais. A ortografía e a limpeza dos traballos tanto nas materias específicas como Lingua galega e Lingua castelá senón tamén nas outras materias onde a redacción e a corrección lingüística teñen suma importancia. 10%

- O respecto ás normas de convivencia en todos os espazos educativos (aulas, biblioteca, patio, comedor, ximnasio, transporte, saídas educativas). 10%

Esta información comunicaráselles, tanto aos alumnos coma aos pais, ao comezo do curso e recordaráse sempre e cando se vexa necesario ao longo do mesmo.

Criterios de promoción.

Tal e como se recolle nas Normas de Organización e Funcionamento do centro

1. Promociona de curso a alumna ou alumno con avaliación positiva en todas as áreas ou teña avaliación negativa en dúas materias como máximo.

2. No caso das alumnas ou alumnos con dúas materias non superadas, unha das instrumentais e unha das restantes, ou dúas que non sexan nin unha lingua (castelá ou galega) nin matemáticas, promocionarán se a xunta de avaliación considera que o seu grao de madurez e o desenvolvemento das súas competencias lle vai permitir continuar o seu proceso de aprendizaxe no seguinte curso.

3. Non promocionarán de curso as alumnas ou os alumnos que sexan avaliados negativamente en dúas das áreas instrumentais (lingua castelá, lingua galega e matemáticas).

6_INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Como método de avaliación continua da nosa práctica docente estableceremos nesta programación unha serie de indicadores de logro que nos permitan autoavaliar o noso proceso de ensino-aprendizaxe ao longo do curso. Serán os seguintes:

- Materiais empregados: son adecuados, accesibles para os alumnos, diversos, motivadores, suficientes, adaptados á diversidade do alumnado, etc.

- Planificación do curso: está a ser adecuada, estase a cumprir a secuenciación dos estándares, o nivel de dificultade é adecuado, o proceso de aprendizaxe está a ser significativo, etc.

- Motivación do alumnado: amosanse interesados, participan na aula activamente, resultalles atractiva a metodoloxía didáctica, traballan concentrados na aula, hai problemas de conducta, etc.

- Transversalidade e uso das TIC: estanse adaptando ben ao traballo en formato dixital, relacionan os contidos con outras materias, aplican o aprendido en valores e actitudes, etc.

Non só se debe avaliar o proceso de aprendizaxe do alumnado, senón tamén o proceso de ensinanza. Neste senso, aos datos aportados pola avaliación continua do alumnado será preciso engadir outros datos referentes á validez da programación das actividades deseñadas, idades de ensinanza deseñadas, dos recursos materiais e persoais utilizados, dos tempos e espazos previstos, da agrupación do alumnado, dos criterios de avaliación aplicados e da propia actuación do profesor.

A avaliación da intervención educativa será continua, polo que convén tomar datos ao longo de todo o proceso para facer os cambios axeitados no momento oportuno.

Co fin de establecer unha avaliación plena de todo o proceso, ao finalizar o presente curso os profesores de terceiro reuniremonos para avaliar os resultados acadados durante o mesmo. O obxectivo de tal reunión será o establecemento de conclusións finais e posibles modificacións na programación de cara ao vindeiro curso, posto que esta é flexible e pódese adecuar ás características tanto do alumnado para acadar unha mellora. Para tal efecto propóñense os seguintes indicadores de avaliación:

- ✓ Desenvolvemento na clase da programación.
- ✓ Relación entre obxectivos e contidos.
- ✓ Adecuación de obxectivos e contidos ás necesidades reais.
- ✓ Adecuación de medios e metodoloxía ás necesidades reais.

Para o procedemento de avaliación do proceso de ensinanza e da práctica docente terase en conta:

- ✓ Organización e coordinación do equipo.
- ✓ Planificación das tarefas. Dotación e distribución de tempo e recursos, e selección do modo de elaboración.
- ✓ Ambiente de traballo e participación. Clima de consenso e aprobación de acordos. Implicación dos membros. Relación e implicación dos pais/nais. Relación entre os alumnos/as, e entre os alumnos/as e os profesores.

7_AVALIACIÓN INICIAL.

Realizarase ao inicio do curso de maneira que saibamos con certeza as capacidades e actitudes que posúe o alumnado, a valoración dos coñecementos previos, co gallo de adecuar o proceso á realidade das súas posibilidades. Para tal cometido empregaremos a observación directa, o diálogo, e a realización de probas escritas.

Realizarase a continuación da toma de contacto inicial e prolongarase durante unha semana aproximadamente. Consistirá na observación directa do traballo oral e escrito e en probas obxectivas de Lengua, Lingua e Matemáticas.

Servirá de punto de partida para implementar as medidas de apoio que eventualmente se precisen.

8_ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

A atención á diversidade supón un concepto amplo de acción educativa que intenta dar resposta ás dificultades de aprendizaxe, ás discapacidades sensoriais, físicas, psíquicas e sociais, aos grupos de risco, ás minorías étnicas, ao alumnado superdotado, aos inmigrantes, ao alumnado con intereses especiais e a calquera outra necesidade educativa diferenciada e especializada.

Cada alumno e cada alumna ten unha ampla gama de necesidades educativas, debidas á presenza de múltiples factores persoais e sociais (xénero, idade, etapa de desenvolvemento madurativo, motivación, intereses, estilos de aprendizaxe, expectativas, procedencia socioeconómica e cultural, orixe étnica, etc.), que deben ser satisfeitas.

Así, neste curso como medida xeral, adoptaremos as seguintes medidas de atención á diversidade:

1. Adoptar organizacións flexibles dentro da aula, con respecto polos principios básicos da organización e do funcionamento dos grupos, practicando estratexias inter e intragrúps, para potenciar o traballo con grupos heteroxéneos de alumnos e alumnas.

2. Realizar reforzos educativos encamiñados a dar resposta aos distintos estilos de aprendizaxe ou dificultades transitorias do alumnado (en principio, non significativas).

3. Planificar e desenvolver un programa coherente de orientación e acción tutorial que facilite a resposta educativa ás súas necesidades específicas, permanentes ou transitorias.

4. Realizar e / ou actualizar as A.C.S. do alumnado que o precise.

5. Tal e como vén recollido na programación xeral, cada titor ofrecerá unha hora semanal de atención a pais e nais, previa cita. Este curso a hora de tutorías está programada para os martes de 14:15 a 15:15h. No caso de incompatibilidade coa xornada laboral, o titor ofrecerá outras alternativas ou atenderá consultas por teléfono, sempre e cando non interfiran co seu horario de clases.

Así mesmo, na reunión inicial o titor informará a pais e nais sobre temas como:

- Horario
- Material escolar
- Xustificación de faltas de asistencia

- Traballo diario de reforzo na casa
- Avaliación

6. Rogos e preguntas

Ademais contamos con apoios dentro e fóra da aula, destinados a unha alumna con ACS e un alumno que necesita reforzo contemplados na programación do Departamento de Orientación do centro.

Sempre que sexa necesario, e como medida de reforzo e afianzamento de contidos traballados, trataremos de empregar material adaptado á diversidade da aula (fichas de reforzo e ampliación, materiais para a realización de medicións e experiencias científicas, aplicación interactivas, material funxible, ...).

9_ELEMENTOS TRANSVERSAIS.

Traballaremos o desenvolvemento dos valores que fomenten:

- A igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero.
- A non-discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.
- A aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.
- Valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- O desenvolvemento sustentable e o ambiente.
- O desenvolvemento do espírito emprendedor, a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.
- A seguridade viaria a través de accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, co fin de que o alumnado coñeza os seus dereitos e deberes como usuario/a das vías, en calidade de peón, viaxeiro/a e condutor/ora de bicicletas, e respecte as normas e os sinais, e de que se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.
- O fomento do pensamento diverxente.

FOMENTO DA LECTURA

A lectura é un factor esencial do enriquecemento intelectual e constitúe unha actividade clave na educación por ser un dos principais instrumentos de aprendizaxe, xa que o seu dominio abre as portas a novos coñecementos. Unha deficiente aprendizaxe lectora e unha mala comprensión do lido abocan aos alumnos ao fracaso escolar e persoal. Por iso, a comprensión lectora, ademais de ser un instrumento de aprendizaxe, é un requisito indispensable para que o alumno sinta gusto pola lectura.

A lectura estará presente en todas as áreas. Traballarase diariamente na aula, concedéndolle gran importancia á comprensión lectora e a lectura individual e en voz alta.

Igual que o ano pasado, unha sesión semanal dunha hora dedicárase á lectura na aula.

Realizaremos frecuentes visitas á biblioteca do centro, e seguiremos co proxecto da biblioteca de aula, que conta cun servizo de préstamo así como do carro de préstamo da biblioteca do centro. Ademais,

seguiremos participando en todos os proxectos de fomento da lectura que se poñan en marcha dentro ou fóra do centro.

Os obxectivos de que se pretende lograr son os seguintes:

- Espertar e aumentar o interese do alumnado pola lectura
- Mellorar a pronuncia, entoación, velocidade e o ritmo na lectura.
- Mellorar a comprensión lectora e ampliar o vocabulario desde todas as áreas do currículo.
- Formar lectores capaces de desenvolverse con éxito no ámbito escolar.
- Fomentar no alumnado, a través da lectura, unha actitude reflexiva e crítica ante as manifestacións do contorno.
- Recoñecer a estrutura dun determinado texto (presentación, nodo e desenlace) así como a súa idea principal.
- Identificar aos personaxes protagonistas e secundarios.
- Iniciar ao alumnado no uso do dicionario.
- Potenciar o uso da biblioteca do centro e usala para a busca de información e aprendizaxe e como fonte de pracer.

Prestaremos especial atención á elección dos textos cos que se vai traballar. Trataremos que os textos escollidos sexan motivadores e axeitados ao nivel dos lectores. Traballarase a identificación da estrutura dos diferentes textos, as ideas principais e secundarias, o sentido dos distintos parágrafos e as relacións que entre eles se establecen. Os criterios a ter en conta para escoller os textos son:

- Grao de maduración do proceso lector:
- Elección de temas atractivos e interesantes para os alumnos.
- Aumento da dificultade dos textos ao longo do curso.
- Textos variados en canto a contidos e de diferentes xéneros literarios.
- Elección do tipo de letra axeitada aos distintos niveis.
- Ilustracións atractivas e motivadoras.

EDUCACIÓN DIXITAL

As tecnoloxías da información e a comunicación han de constituír unha ferramenta cotiá nas actividades de ensino e aprendizaxe das diferentes áreas, así como un instrumento de traballo para explorar, analizar e intercambiar información.

O obxectivo que se pretende alcanzar ao finalizar a escolarización obrigatoria é a consecución por parte do alumnado de competencia dixital.

Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, e para transformala en coñecemento. Incorpora diferentes habilidades, que van desde o acceso á información ata a súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada, incluíndo a utilización das TIC como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.

Os alumnos de 3º traballarán:

- Utilización do teclado.
- Acender e apagar o ordenador.
- Emprego das unidades de almacenamento.
- Identificar os elementos do escritorio.
- Utilización das iconas e dos accesos directos.
- Abrir programas.
- Abrir e pechar ventás.
- Apertura e creación de carpetas.
- Almacenamento de documentos en carpetas.
- Gardar arquivos.
- Xestionar a papeleira de reciclaxe.
- Navegar por Internet.
- Introducir unha dirección URL para acceder a unha páxina concreta.
- Consulta de enciclopedias virtuais.
- Emprego de buscadores.
- Emprego básico dos procesadores de textos (Libre Office)

10_ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS.

Organizaremos, cando menos, unha saída por trimestre, aínda que están pendentes de confirmación xa que inda están a chegar ao centro propostas de distinta índole que serán escollidas en función do seu valor didáctico, temporalización, custe económico e horario compatible co transporte do centro.

Ademais destas saídas, o alumnado do curso participará naquelas actividades que se organicen a nivel de Centro tales como o Magosto, o Día da Paz, o Entroido, o Día do Libro ...

PROXECTO TRANSVERSAL “Viaxeiros polo mundo”

O presente curso escolar os mestres do CPI Padrenda-Crespos decidimos realizar un proxecto pedagóxico transversal común para todos os alumnos de educación infantil a primaria.

Este proxecto é unha resposta pedagóxica que permite a integración curricular, a participación de toda a comunidade educativa e do estudante no desenvolvemento das competencias que integran cada materia.

O obxectivo xeral deste proxecto é potenciar as capacidades individuais dos estudantes co fin de desenvolver as competencias cara unha aprendizaxe integradora que lles axude a comprender e facerse partícipes dunha mellor sociedade; facendo visibles as singularidades e riquezas dos diversos países

O proxecto partirá dos intereses do alumnado, por iso, cada grupo decidirá no comezo de curso o país co que traballará. O obxectivo final será a exposición trimestral das investigacións feitas por cada clase.

Debido á diferenza de idade dos alumnos (dende os 3 até os 11 anos) decidimos que a elección das actividades a traballar sexa libre, coa intención de que sexa un proxecto flexible que se adapte constantemente ós centros de interese do alumnado.

De maneira esquemática, os contidos a traballar e a temporalización será a seguinte:

1º TRIMESTRE		
ACTIVIDADES DE AULA	XEOGRAFÍA, BANDEIRA	EXPOSICIÓN DECEMBRO
	IDIOMA, MOEDA	
	RELIXIÓN	
	GASTRONOMÍA	
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS	MAGOSTO	Cada grupo preparará xogos populares do seu país / Postres de outono
	FESTA DO NADAL	Panxoliñas e ritos típicos
2º TRIMESTRE		
ACTIVIDADES DE AULA	HISTORIA, PERSONAXES DESTACADOS	EXPOSICIÓN MARZO
	ARTE	
	MÚSICA E CINE	
	DEPORTES	
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS	ENTROIDO	Disfraz e baile da zona xeográfica
	DÍA DA PAZ	Personaxes destacados de cada unha das zonas e a súa revelancia para a paz.
3º TRIMESTRE		
ACTIVIDADES DE AULA	FLORA	EXPOSICIÓN XUÑO
	FAUNA	
	ESPAZOS NATURAIS	
	MONUMENTOS	

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS	DÍA DO LIBRO	Exposición nos taboleiros da biblioteca recomendando libros de autores de cada país.
	GYMKANA	Buscando pistas sobre os países eleixidos

11_AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

Sinalaremos tamén neste epígrafe a **avaliación da propia programación**. Ao remate de cada unidade didáctica valorarase se a programación é acorde ao alumnado ao que vai dirixido. Este proceso será levado a cabo mediante a observación e revisión do traballo dos alumnos e alumnas ao longo de cada unidade. (Ver 4.6.)

Os contidos que non se chegaron a acadar ou nos que se fallou volveranse a retomar empregando outra metodoloxía diferente.

Ao final de cada trimestre e do curso tamén se fará unha avaliación da práctica docente, a cal nos serve entre outras cousas para adoptar medidas, ver en qué se fallou e cómo se poden remediar.

ASPECTOS A AVALIAR	A DESTACAR...	A MELLORAR...	PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL
Temporalización das unidades didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Manexo dos contidos da unidade			
Descriptoros desempeños competenciais			
Realización das tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Portfolio de evidencias dos estándares de			

aprendizaxe			
Atención á diversidade			